



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 37)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Alvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D. Eduardo Vidal Baamonde

Secretario:

D. Cristóbal Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de setembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten as señoras Deputadas D^a. M^a. del Pilar García Porto, D^a. Mayra García Bermúdez e D^a. Sonsoles López Izquierdo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de agosto de dous mil dezaioito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PARADELA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4201 “PACIOS (LU-633)-MOSTEIROVELLO-LU-611”, P.K. 0+000-0+500 E LU-P-4202 “PACIOS (LU-633)-ALDOSENDE-CURRELOS (LU-611)”, P.K. 0+295-2+800.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 06 de marzo de 2018 se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 136.649,36 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 28.696,37 € en concepto de IVE, correspondente á obra: PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4201 “Pacios (LU-633)-Mosteiro Vello – LU-611”, p .k. 0+000 – 0+500 e LU-P-4202 “Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)”, p.k. 0+295 – 2+800.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 055 do 08 de marzo de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de 1 de xuño e 30 de xullo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 8 de agosto de 2018; vistos así mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Rexeitar a oferta de Da Silva Contratas y Asfaltos SL, na que o importe ofertado supera o importe de licitación da obra, e o título da obra que fai referencia en dita oferta non se corresponde coa obra licitada.

2º.- Admitir, en base ao informe técnico emitido, a oferta da empresa Explotaciones Gallegas SL, ao considerarse xustificada a oferta desproporcionada ou anormal.

3º.- Adxudicar a execución da obra PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-4201 “Pacios (LU-633)-Mosteiro Vello – LU-611”, p .k. 0+000 – 0+500 e LU-P-4202 “Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)”, p.k. 0+295 – 2+800 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 16 de febreiro de 2018, á mercantil Explotaciones Gallegas SL, representada por D. Alberto López Martín, na cantidade 86.048,11 € e 18.070,10 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 46,51 metros e un plan de comunicación por importe de 619,83 € e 130,16 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP

4.- Requiritir ó adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

5.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

6.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CASTRO DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1109 "DUMPIN (LU-113)-CORNIDE-ARCOS (LU-155)", P.K 0+000-1+720 E LU-P-1107 "CASTRO (LU-115)-RABADE (N-VIA)", P.K. 0+000-3+900.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 06 de marzo de 2018, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 225.396,60 €, ó que terá que engadirse a cantidade de 47.333,29 € en concepto de IVE, correspondente á obra: CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1109 "Dumpin (LU-113)-Cornide-Arcos (LU-115)", p.k. 0+000 - 1+720 e LU-P-1107 "Castro (LU-115)-Rabade (N-VIA)", p.k. 0+000 - 3+900.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 055 do 08 de marzo de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de 8 de xuño e 30 de xullo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 8 de agosto de 2018; vistos así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de Francisco Gómez y Cía SL, ao non considerarse xustificada as ofertas desproporcionadas ou anormais, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

2º.- Adxudicar a execución da obra CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1109 "Dumpin (LU-113)-Cornide-Arcos (LU-115)", p.k. 0+000 - 1+720 e LU-P-1107 "Castro

(LU-115)-Rabade (N-VIA)", p.k. 0+000 - 3+900 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 16 de febreiro de 2018, á mercantil Explotaciones Gallegas SL, representada por D. Alberto López Martín, na cantidade 149.374,00 € e 31.368,54 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 245,80 metros e un plan de comunicación por importe de 1.200,00 € e 252,00 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP

3.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

4.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE COSPEITO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6501 "VILALBA (LU-120)-FEIRA DO MONTE (LU-111)", P.K. 4+350-5+550, P.K. 7+570-8+040, P.K. 8+140-8+320.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 06 de marzo de 2018, se aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 122.598,10 €, ó

que terá que engadirse a cantidade de 25.745,60 € en concepto de IVE, correspondente á obra: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-6501 "Vilalba (LU-120)-Feira do Monte (LU-111)", p.k. 4+350 - 5+550, p.k. 7+570 - 8+040, p.k. 8+140 - 8+320.

Resultando que por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e no BOP nº 055 do 08 de marzo de 2018, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de 8 de xuño e 30 de xullo de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 8 de agosto de 2018; vistos así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º- Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta de Explotaciones Gallegas SL, ao non considerarse xustificada as ofertas desproporcionadas ou anormais, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

2º.- Adxudicar a execución da obra COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-6501 "Vilalba (LU-120)-Feira do Monte (LU-111)", p.k. 4+350 - 5+550, p.k. 7+570 - 8+040, p.k. 8+140 - 8+320 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 16 de febreiro de 2018, á mercantil Francisco Gómez y Cía SL, representada por D. Alberto López Martín, na cantidade 80.755,37 € e 16.958,63 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 162,03 metros e un plan de comunicación por importe de 980,79 € e 205,97 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP.

3º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA NAVIA DE SUARNA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3501 “DA LU-722, POR PARADELA, A ALTO DO RESTELO”, P.K. 7+750-10-457; LU-P-3509 “DE NAVIA, POR VIRIGO, A ALTO DE LABIADAS”, P.K. 4+375-9+518 E LU-P-3512 “DE CANCELADA DA SERRA, POR SON E ROBLEDO, Á LU-722”, P.K. 0+000-2+260.

Resultando que o proxecto da obra de NAVIA DE SUARNA.- Rehabilitación de firme LU-P-3501 “Da LU-722, por Paradela, a Alto do Restelo”, p.k. 7+750-10+457; LU-P-3509 “De Navia, por Virigo, a Alto de Labiadas”, p.k. 4+375-9+518 e LU-P-3512 “De Cancelada da Serra, por Son e Robledo, á LU-722”, p.k. 0+000 -2+260 foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2017 por un importe de 437.047,21 € e 91.779,91 € de IVE; e adxudicada á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU por acordo da Xunta de Goberno de 18 de maio de 2017 na cantidade de 295.660,00 € e 62.088,60 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, (a partir do p.k. 2+260 na estrada provincial LU-P-3512) coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 1.050 metros e un Plan de Comunicación por importe de 8.750,00€ e 1.837.50 € de IVE e prazo de execución de 3 meses.

Resultando que en data de 10 de agosto de 2018, asínase Acta de suspensión total da obra, por, segundo manifesta o director da obra “(...) *Que una vez iniciados los trabajos se comprobó que había habido un error en la ubicación de las obras de la LU-P-3512 "de Cancelada da Serra, por*

Son y Robledo, a la LU-722", pk 0+000 al 2+260, lo que a juicio de este director técnico, hace necesario la modificación del proyecto no siendo necesaria la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en éste.

Que debido a esto es necesario hacer una reprogramación del plan de obra por la necesidad de la redacción de un proyecto modificado.

Por todo lo expuesto, este director técnico propuso la suspensión total de la obra hasta que el órgano de contratación estime la procedencia de la redacción del proyecto modificado citado, procediéndose en ese momento a la reanudación de las obras mediante la firma del acta correspondiente”.

Tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra NAVIA DE SUARNA.- Rehabilitación de firme LU-P-3501 “Da LU-722, por Paradela, a Alto do Restelo”, p.k. 7+750-10+457; LU-P-3509 “De Navia, por Virigo, a Alto de Labiadas”, p.k. 4+375-9+518 e LU-P-3512 “De Cancelada da Serra, por Son e Robledo, á LU-722”, p.k. 5+234-7+494, redactado polo Servizo de Vías e Obras, por importe de 437.047,21€ e 91.779,91 € de IVE. (sen variación económica)

2º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 295.660,00 € e 62.088,60 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, (a partir do p.k. 5+234 hacia o p.k. de orixe, na estrada provincial LU-P-3512) coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 1.050 metros e un Plan de Comunicación por importe de 8.750,00€ e 1.837.50 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos.

3º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

4º.- Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.



6.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE MURAS E CHANTADA SOLICITANDO A APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Resultando que polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, sinalando a base 12 “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello ...”

Tendo en conta que os concellos de Muras e Chantada achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

O Concello de Muras presentou Anexo III das obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
140	EFICIENCIA ENERXÉTICA EN MURAS-URBAN, AS AMEIXEIRAS, O MOURISCÓN, PARAPAR, SUASCHOUSAS, BAXÍN, A CARBALLOSA, GRANXA CASANOVA, O PICO VERDE, REGO DA PAREDE, PICHEIRA DE MUSDRADAS, SANTAR DE RIBA, A RÚA, CASABELLA, CAL DO BAÑO, O CASTRO, SEILÁN, XUNCAL E SAMIL (INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS)	6.883,96€

Así mesmo, por escrito con RE 20571, de data 12 de julio de 2018, e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o indicado na base 12 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma

finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á EFICIENCIA ENERXÉTICA EN O PEREIRO, REBORDELOS, O CURRO, SANTAR DE ABAIXO, A CABANA E O COTO	6.082,20€	0,00€	6.082,20€

O Concello de Chantada presentou Anexo III das obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
65	ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DEPORTIVO	14.750,75€

Así mesmo, por escrito con RE 23615, de data 30 de agosto de 2018, e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o indicado na base 12 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
PROXECTO TÉCNICO PARA COMPLETAR O PAVIMENTO DEPORTIVO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	14.750,75€	4.069,23€	18.819,98€

Por todo elo, vistos os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



1º.- Acceder ao solicitado polas alcaldías dos Concellos de Muras e Chantada, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente as actuacións que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN		FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á EFICIENCIA ENERXÉTICA EN O PEREIRO, REBORDELOS, O CURRO, SANTAR DE ABAIXO, A CABANA E O COTO	6.082,20€	0,00€	6.082,20€
CHANTADA	PROXECTO TÉCNICO PARA COMPLETAR O PAVIMENTO DEPORTIVO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	14.750,75€	4.069,23€	18.819,98€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos de MURAS e CHANTADA para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA SOLICITANDO UNHA NOVA PRÓRROGA PARA A ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Resultando que por acordo do Pleno da Deputación Provincial en sesións ordinaria e extraordinaria de datas 28 de marzo e 16 de xuño de 2017 respectivamente se acordou a aprobación das Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que por acordos da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2017 e 01 de xuño de 2018, concedeuse ao Concello de Antas de Ulla prórroga para a adxudicación das obras indicadas (15), incluídas no plan único, ata o 10 de setembro de 2018.

O concello de Antas de Ulla incluíu ao abeiro do Plan único 2017 os seguintes investimentos:

ANTAS DE ULLA	142.532,75 €	12	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE VILASIÓN (SAN XOAN DE ANTAS E SAN FIZ DE AMARANTE), (según coordenadas UTM)				
			FINANCIACIÓN	43.177,64	0,00	43.177,64		
		13	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS CARREIROS E MONTECELOS (SANTIAGO DE DORRA) E VILAPOUPRE (SAN MARTIÑO DE VILAPOUPRE) (según coordenadas UTM)				
			FINANCIACIÓN	35.839,67	18.774,94	54.614,61		
		14	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A O RIAL (SAN ANDRÉS DO RIAL), (según coordenadas UTM)				
			FINANCIACIÓN	23.515,44	0,00	23.515,44		
		15	IDENTIFICACIÓN	OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR EN AGÜELA (SAN MAMEDE), ALVIDRÓN-CASA DA NAIA-ARCOS (STA. MARÍA), AMOEXA (SANTIAGO), ÁRBOL (SANTALLA), AREAS (SANTA CRISTINA), BARREIRO (SAN CIBRAO), CIBREIRO E CERVELA (SAN MIGUEL), INCLUÍDO REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA				
			FINANCIACIÓN	40.000,00	0,00	40.000,00		

Pola Alcaldía do Concello de Antas de Ulla a través de escrito con rexistro de entrada nº 23598, de data 30 de agosto de 2018, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato da actuación “(15) Optimización enerxética de instalacións de alumado público exterior en Agüela (San Mamede), Alvidrón-Casa da Naia-Arcos (Sta. María), Amoexa (Santiago), Árbol (Santalla), Areas (Santa Cristina), Barreiro (San Cibrao), Cibreiro e Cervela (San Miguel), incluído redacción de proxecto e dirección de obra incluídas no Plan único 2017, ata o día 30 de setembro de 2018, ao non poder adxudicalas no prazo concedido segundo xustificación que obra no expediente, e nomeadamente notificación de resolución do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital en relación coa subvención solicitada.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Antas de Ulla, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación dos investimentos indicados, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

CONCELLO	Nº OBRAS PLAN ÚNICO 2017	PRÓRROGA ATA
ANTAS DE ULLA	15	30-09-2018

2º.- Dar traslado do presente ao Concello de Antas de Ulla para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.

8.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABADÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0107 “ABADÍN (N-634)-FANOI”, P.K. 0+000-2+260 E LU-P-0110 “FOXAS (N-634)-ALDIXE”, P.K. 0+000-0+817.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107 “Abadín (N-634)-Fanoi”, p.k. 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, p.k. 0+000 - 0+817.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da

LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 11 de xullo de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras a que se refire a acta non será precisa a ocupación de outros terreos que aqueles que son propiedade da Deputación Provincial.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0107 “Abadín (N-634)-Fanoi”, p.k. 0+000 - 2+260 e LU-P-0110 “Foxas (N-634)-Aldixe”, p.k. 0+000 - 0+817, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 172.546,93 €, dos cales 29.946,16 € corresponden ao IVE (21%).

9.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE FOLGOSO DO COUREL.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1301, RAMAL 2, “SEOANE DO COUREL (LU-651)-HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA-VILELA”, P.K. 1+480 A 2+580, LU-P-1303 “SEOANE (LU-P-1301)-VISUÑA-FERRAMULIN (LU-P-5004)”, P.K. 14+000 A 15+600, LU-P-1306 “MEGOXE (LU-651)-SECEDA-FERREIRA DO INCIO (LU-642)”, P.K. 2+900 A 3+900, LU-P-4501 “POIO (LU-633)-LOUZARELA-LU-P-5601 E ACCESO A MEIRAOS”, PK. 6+800 A 7+800 E LU-P-5601 “SAMOS (LU-633)-COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A SANTA MARIÑA”, P.K. 34+000 A 36+020.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación de firme LU-P-1301, ramal 2, “Seoane do Courel (LU-651) - Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada -Vilela”, p.k. 1+480 a 2+580, LU-P-1303 “Seoane (LU-P-1301) - Visuña - Ferramulín (LU-P-5004)”, p.k. 14+000 a 15+600, LU-P-1306 “Megoxe (LU-651) - Seceda - Ferreira do Incio (LU-642)”, p.k. 2+900 a 3+900, LU-P-4501 “Poio (LU-633) - Louzarela - LU-P-5601 e acceso a Meiraos”, p.k. 6+800 a 7+800 e LU-P-5601 “Samos (LU-633) - Courel (LU-P-1301) e ramal a Santa Mariña”, PK 34+000 AL 36+020.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adaptación á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e á idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre custes directos e indirectos.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 24 de abril de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras a que se refire a acta non será precisa a ocupación de outros terreos que aqueles que son propiedade da Deputación Provincial.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: FOLGOSO DO COUREL.- Rehabilitación de firme LU-P-1301, ramal 2, “Seoane do Courel (LU-651) - Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada -Vilela”, p.k. 1+480 a 2+580, LU-P-1303 “Seoane (LU-P-1301) - Visuña - Ferramulín (LU-P-5004)”, p.k. 14+000 a 15+600, LU-P-1306 “Megoxe (LU-651) - Seceda - Ferreira do Incio (LU-642)”, p.k. 2+900 a 3+900, LU-P-4501 “Poio (LU-633) - Louzarela - LU-P-5601 e acceso a Meiraos”, p.k. 6+800 a 7+800 e LU-P-5601 “Samos (LU-633) - Courel (LU-P-1301) e ramal a Santa Mariña”, PK 34+000 AL 36+020, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de

acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 312.979,63 €, dos cales 54.318,78 € corresponden ao IVE (21%).

10- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4604 “CARAÑO (LU-760)-A BRAÑA (LU-750)”, P.K. 6+000 A 7+210, LU-P-5401 “BOEL (LU-P-4606)-MARTÍN-A MUIÑA (LU-750)”, P.K. 7+416 A P.K. 10+916 E LU-P-0406 “MARTÍN (LU-P-5401)-CRENDE (LU-P-4606)”, P.K. 2+760 A 3+047.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) – A Braña (LU-750)", p.k. 6+000 a 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", p.k. 7+416 a p.k. 10+916 e LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Crende (LU-P-4606)", p.k. 2+760 a 3+047.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adaptación á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Incorporárase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 30 de maio de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras a que se refire a acta non será precisa a ocupación de outros terreos que aqueles que son propiedade da Deputación Provincial.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-4604 "Caraño (LU-760) – A Braña (LU-750)", p.k. 6+000 a 7+210, LU-P-5401 "Boel (LU-P-4606)-Martín-A Muiña (LU-750)", p.k. 7+416 a p.k. 10+916 e LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401)-Grende (LU-P-4606)", p.k. 2+760 a 3+047, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 228.946,30 €, dos cales 39.734,48 € corresponden ao IVE (21%).

11.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE MURAS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3401 “AGUIAS (LU-540A)-MURAS E RAMAL A IGREXA DO BURGO”, P.K.0+045 A 1+040, P.K. 0+087 A 0+530 (RAMAL), LU-P-3404 “CASATEITA (LU-P-3403)-ESCOLA DE PAIO”, P.K. 0+000 A 1+962, LU-P-3406 “PICHEIRA (LU-540)-IRIXOA-BALSA (LU-P-6502) P.K. 0+045 A 2+645 E LU-P- 6502 “VILALBA (LU-118)-A BALSA-CHAVIN (LU-161) P.K. 24+309 A P.K. 26+725, P.K. 27+150 A 32+000.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra MURAS.- Rehabilitación de firme LU-P-3401 "Aguías (LU-540A)-Muras e ramal á igrexa do Burgo " p.k. 0+045 a 1+040, p.k. 0+087 a 0+530(ramal), LU-P-3404 "Casateita (LU-P-3403)-Escola de Paio " p.k. 0+000 a 1+962, LU-P-3406 "Picheira (LU-540)-Irixoa-Balsa (LU-P-6502) p.k. 0+045 a 2+645 e LU-P-6502"Vilalba (LU-118)-A Balsa -Chavin (LU-161) p.k. 24+309 a p.k. 26+725, p.k. 27+150 a 32+000.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo

